

Venda de entradas

No Auditorio Municipal Gustavo Freire,
os días das funcións unha hora antes dos espectáculos.
O importe das entradas será o seguinte:

zona A, 10 €
zona B, 7 €
zona C, 5 €.

Mostra de
TEATRO
GALEGO
xoves de humor

25 de febreiro - 18 de marzo
2010
Auditorio Municipal Gustavo Freire
20:30 h.

xoves 25 de febreiro
TALÍA TEATRO
E ti quen vés sendo?

Autor: Cándido Pazó
Dirección: Cándido Pazó
Elenco artístico / formación:
Toño Casais Artur Trillo David Creus
Dani Trillo Marta Ríos Rosi Barcala
María Ordóñez Diego Rey Gustavo G.
Dieste Xurxo Barcala

Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o "auténtico" cando o "outro" é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripecia do Anfitrión de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó. Anfitrión e o seu escravo Sosia son suplantados polos deuses Xúpiter e Mercurio mentres están na guerra. O motivo deste engano é o desexo amoroso de Xúpiter por Alcmena, a muller de Anfitrión.

xoves 4 de marzo
ÓNFALO TEATRO
Neuras

Autor: M^a Xosé Queizán
Dirección: Ana Contreras
e Afonso Becerra de Becerreá
Elenco Artístico/formación:
Laura Cuervo, Noemí
Rodríguez, Xavier Vázquez

Unha comedia para escachar de risa, sobre as "neuras" da sociedade contemporánea e urbana.
Os personaxes: xente nova, desenfadada e, aparentemente, desinhibida, pero que teñen problemas de aceptación do seu propio corpo e de si mesmos/as.
"Neuras" aborda temas fundamentais: o respecto a quen se sente diferente, o respecto a nós mesmo/as, a tiranía da moda, a busca da felicidade, a parella, o amor.
A primeira obra que se estrea de M^a Xosé Queizán, unha das escritoras máis recoñecidas da nosa literatura, pioneira do feminismo en Galicia.
Un espectáculo cunha linguaxe visual atrevida, con números musicais, de maxia e de cabaré.
Un equipo artístico formado por profesionais cunha sólida formación en variadas disciplinas escénicas e experiencia en teatros de Galicia e de fóra.

xoves 11 de marzo
FULANO, MENGANO E CITANO
Nunca menos

Autor: Manuel Pombal, Manuel Botana
Dirección: Manuel Pombal
Elenco artístico / formación:
Manuel Pombal, Manuel Botana, Suso Pando

"Nunca Menos" é un percorrido en clave de humor ácido a través da Historia de Galicia:
"Nunca Menos" lévanos por todos eses periodos de luz e de sombras, -ás veces de apagón total- que fixeron de nós o que hoxe somos.
"Nunca Menos" é unha viaxe de ida e volta ao alucinante pasado de Galicia do que os libros de "Historia de España" nunca nos quixeron falar.
"Nunca Menos" é un paseo polas orixes, costumes e tradicións desta terra de bispos e reis, nobres e servos, heroes e traidores, situada entre a fin do mundo e o norte de Portugal.
"Nunca Menos" -como se di sempre nunha sinopse que se prece- "móstranos uns personaxes na procura da súa identidade", a diferenza está en que desta vez... Por fin é certo!

xoves 18 de marzo
LAGARTA LAGARTA
O segredo dos Hoffman

Autor: Roberto Salgueiro, Alejandro Palomas
Dirección: Rosa Álvarez
Elenco artístico / formación:
Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla,
Rebeca Montero

Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnense con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus recordos, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debulla unha historia intensa e envolvente.
Baseada na novela de Alejandro Palomas, Finalista do Premio Torrevieja 2008.